



Asunto: actividade de socorismo

En resposta a súa consulta, tal e como se indica no artigo 29 do Decreto 103/2005, de 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnica sanitaria das piscinas de uso colectivo, o socorrista deberá realizar unha vixilancia eficaz dos usuarios para actuar inmediatamente se fose necesario. Por este motivo, o exercicio desta actividade es incompatible coa realización doutras actividades ao mesmo tempo tales como ser monitor de natación, atención sanitaria en instalacións anexas, labores de mantemento na instalación etc.

Se podería exceptuar deste cumprimento a unha piscina de funcionamento descontinuo de pequeno tamaño na que o vaso se peche ao baño libre no momento no que exista un curso de natación e o número de alumnos sexa baixo.

Nunha piscina de tipo 1 onde a actividade relacionada coa auga é o obxectivo principal (segundo a definición do Real decreto 742/2013, de 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnicos sanitarios das piscinas) e/ou de funcionamiento continuo, se considera que a vixilancia é eficaz cando o socorrista realiza unicamente esta actividade de maneira que no se poderían realizar excepcións nas que exerza como socorrista e como monitor ao mesmo tempo.

Non se trata dunha nova exixencia, é un requisito que se debe cumplir desde que se publicou a lexislación autonómica no 2005 pero incrementouse a vixilancia deste punto porque se detectaron incumplimentos en varias instalacións.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

O director xeral de Saúde Pública,



Andrés Paz-Ares Rodríguez

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/09/2017 10:16:23

SAÍDA 16457 / RX 1242928



COLEXIO PROFESIONAL DA EDUCACIÓN FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA
Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Edificio FEUGA. Despacho 20 - 15705 Santiago de Compostela